

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 14 de novembro de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María

Allegue Agüete, Pilar
Mulleiro Parada, Luis
Orge Míguez, José Carlos
Valcárcel Fernández, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Emma

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a. Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, M^a. Cristina
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a. Belén
Ferrero Martínez, M^a. Dolores
Costas Comesaña,
Fuenteseca Degeneffé, Margarita
García Gestoso, M^a. Noemí
Manzano González, Baltasar
Martínez Hens, Helena

Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Lago, José Ramón
Ruíz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a.Cruz
Estévez Abeleira, Teresa
Salgado André, M^a. Elena

Álvarez Francés, Irene
Álvarez Morais, Noelia
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Docampo Dorado, Lia
Estévez Castro, Águeda
Fernández González, Brais
Fernández Huidobro, Adrián
Francisco Bargiela, Agustín
Guerrero Gesteira, Isabel
Lago González, Marta
Mosquera Goce, Cristian

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Macías Coimbra, Henrique
Ramil Vázquez, Paula
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 13.00 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (actas da reunión do 5 de novembro de 2013).
2. Informes da Decana.

3. Aprobación, se procede, da proposta de designación de membros da comisión conxunta das titulacións de Dereito e ADE, encargada de elaborar a proposta de simultaneidade dos títulos.
4. Revisión da normativa de titorías e, se procede, adopción de acordos.
5. Aprobación, se procede, do recoñecemento de horas acumulables para créditos ECTS para o curso “Dereito á vivenda e crise hipotecaria”.
6. Rogos e preguntas.

A Decana escusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: Dona Esther M^a. González Pillado, Don Pablo Grande Seara, Dona Teresa Martínez Táboas, Ibáñez Paz, Regina e Don Isaac Borja Araujo Figueroa.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anteriores (acta da reunión do 5 de novembro de 2013).

Apróbase por asentimento

2.- Informes da Decana.

A Decana advirte que a compra de manuais estase a levar a cabo e que, por favor, as áreas que non teñan enviado esta listaxe o fagan o antes posible porque preténdese rematar neste mes de novembro a adquisición de manuais.

3.- Aprobación, se procede, da proposta de designación de membros da comisión conxunta das titulacións de Dereito e ADE, encargada de elaborar a proposta de simultaneidade dos títulos.

A Decana explica que, consonte a Comisión designada polo Decanato de ADE, a Comisión que se propón estará composta pola Decana, a Secretaria, a Vicedecana encargada de Titulacións, os tres directores de departamento e un representante máis do Departamento de Dereito Privado para intentar dar representación a tódalas áreas de coñecemento; é designado o Secretario deste Departamento, o Profesor Pablo Fernández Carballo-Calero.

A Decana explica que o que se fará é integrar a normativa de Consello de Goberno da propia Universidade de Vigo sobre a simultaneidade de títulos.

A Profesora Almudena Bergareche Gros pregunta quen é a Vicedecana correspondente e manifesta que quere deixar constancia da desproporción de representación das áreas.

A Decana explica que a Vicedecana corresponde é a Profesora Patricia Valcárcel Fernández. Por outra banda, acórdase que se convocará a representantes das áreas de coñecemento para tratar a proposta do documento provisional sobre a simultaneidade dos títulos.

O señor alumno D. Miguel Diéguez propón que se teña en conta a Delegación de estudantes. A Decana parécelle correcto.

A Directora do Departamento de Dereito Privado, a Profesora Helena Martínez Hens e o Director do Departamento de Dereito Público Especial, o Profesor Jaime Cabeza Pereiro, postúlanse a favor da proposta do Decanato para formar parte da Comisión.

Apróbase a proposta sobre a devandita Comisión que estará composta pola Decana, a Secretaria, a Vicedecana correspondente - a Profesora Patricia Valcárcel Fernández- , os directores dos tres Departamentos e o Profesor Pablo Fernández Carballo-Calero.

4.- Revisión da normativa de titorías e, se procede, adopción de acordos.

A Decana explica que se propón un novo documento a esta Xunta e da a palabra a Vicedecana Pilar Allegue para que proceda a súa lectura. A Vicedecana Pilar Allegue lee o documento.

A Decana explica que se votará en primeiro lugar a normativa desde o punto primeiro ata o noveno e despois votárase a posibilidade de incorporar o anterior artigo 2, que em caso de saír aprobado, será o artigo 10. Ese precepto establece: “Control. Cada días os profesore/as Terán a súa disposición para a firma un parte de titorías no que se fará constar o nome do/a profesor/a, a materia ou materias e o período horario da titoría. Por cada sesión de titoría haberá que firmar un parte”.

A Profesora Helena Martínez Hens felicita o equipo decanal e a Decana por esta proposta que, dado que coincide en gran parte coa que ela mesma presentou na anterior Xunta de Facultade, renuncia a que esa outra se someta a votación, dando por boa a presentada polo Decanato.

A Profesora Magdalena Barahona Martín pregunta si previamente a Comisión de docencia debe aprobar a titorización por correo electrónico.

A Decana explica que o espírito da norma non é a titoría por correo electrónico, todo o contrario, este será unha excepción a regra xeral da titorización presencial.

A Profesora Almudena Bergareche Gros manifesta varias dúbidas. Así, en relación co artigo 4 da normativa, pide que se aclare que significa “excepcional” nese contexto. A Decana

responde que se trata dun suposto imposible de prever, por exemplo, ter que gardar cama por gripe.

A Profesora Almudena Bergareche Gros tamén solicita que se aclare a que supostos se refire o artigo 5 (o lee). A Decana explica que se trata dos supostos en que o docente disfrute vacacións durante o período lectivo, nese caso tamén se terán que nomear substitutos para as titorías. A Decana tamén aclara que no caso de que a ausencia se produza durante o período de exames tamén deberá designarse un substituto para as titorías.

A Profesora Almudena Bergareche Gros finalmente solicita que se aclare a referencia do artigo 7 sobre as titorías de materias a extinguir. Tamén cuestiona a referencia o reparto de horas semanais de titorías do RD 898/1985, ao que se refire a introdución. A Decana explica, en primeiro lugar, que sobre as materias a extinguir é o Director de Departamento o que debe solicitar a asignación dun profesor para estas titorías e o centro unicamente verificará que se cumpren. Non obstante, este Decanato defenderá que tales horas de traballo se computen como tales, pero agora non é o momento correspondente de tratar esto. En canto a referencia o RD 898/1985, é normativa que aplica este Reitorado a cal esta sometido este Decanato.

A Profesora Margarita Fuenteseca Degeneffe pregunta cómo debe interpretarse o mandato que non exista coincidencia entre a docencia e o horario de titorías. A Decana explica que se pretende que os estudantes, con independencia de que teñan clase na quenda de mañá ou de tarde, poidan asistir a titorías, de xeito que o horario das titorías deberá ser a lo menos nun 50% en cada quenda.

Dna. Nieves López Prieto felicítase pola posibilidade de que os docentes poidan disfrutar as vacacións tamén durante o período ordinario de docencia, aínda que sexa excepcionalmente. A Decana explica que se trata dun recoñecemento recente e excepcional, en todo caso.

A Profesora Noemí García Gestoso felicita a proposta de normativa que se vai a someter a votación e solicita, en todo caso, que a posibilidade de comunicación de anomalías na realización de titorías garantice o anonimato, pero que non se admitan anónimamente. A Decana explica que no Decanato calquera reclamación ou queixa formúlase dese xeito, é dicir, non se admiten queixas anónimas, pero sí se preserva a identidade de quen a presenta.

A Decana propón a votación da normativa de titorías, dos artigos 1 ao 9. Resultado da votación: 29 votos a favor, ningún en contra e 10 abstencións.

A Decana propón a votación do artigo que poderá incorporarse ou non, aternativamente. Resultados da votación: votos a favor: 0, votos en contra 18, abstencións 19.

Apróbase o texto da normativa de titorías dende o artigo 1 ao 9 (este texto incorpórase no Anexo I)

5.- Aprobación, se procede, do recoñecemento de horas acumulables para créditos ECTS para o curso “Dereito á vivenda e crise hipotecaria”.

Apróbase por asentimento.

6.- Rogos e preguntas.

A Profesora Noemí García Gestoso roga que se promova o recoñecemento docente das horas de titorías de materias a extinguir. A Decana manifesta a súa conformidade, se ben, recorda que nos supostos de mais número de estudantes matriculados na materia correspondente, xa se ten en conta, aínda que sexa minimamente.

O señor alumno D. Miguel Diéguez manifesta a súa conformidade coa petición da Profesora Noemí García Gestoso. Tamén solicita unha manifestación pública de apollo a manifestación próxima contra as taxas xudiciais impostas polo Ministro de Xustiza.

A Profesora Helena Martínez Hens sinala que o departamento non é competente para solicitar que se computen as horas de docencia das titorías das materias a extinguir. A Decana explica que o Centro soamente coñece das horas lectivas ou titorías correspondente a cada docente. O Decanato soamente pode sumarse a esa reclamación de que se computen esas horas a efectos de horas de docencia.

A Profesora Almudena Bergareche Gros roga que se organicen correctamente as necesidades e os problemas do Centro para que non se convoquen reunións de Xunta de Facultade con tanta frecuencia.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 14:45 horas do que dou fe como Secretaria.

A SECRETARIA

Emma Rodríguez Rodríguez

ANEXO I

NORMATIVA DE TUTORÍAS DO CENTRO (Aprobado en Xunta de Facultade do día 14 de novembro de 2013)

XUSTIFICACIÓN

Á vista, en primeiro lugar, do artigo 46.2, e) da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, dentro do elenco de dereitos e deberes dos estudantes, que prevé “el asesoramiento y asistencia por parte de profesores y titores en el modo en que se determine”; do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario, en cuxo artigo 19.3 sinala que “las universidades impulsarán, de acuerdo con lo establecido en la normativa autonómica y de las propias universidades, sistemas tutoriales que integren de manera coordinada las acciones de información, orientación y apoyo formativo a los estudiantes, desarrollados por el profesorado y el personal especializado”; e no artigo 21.1 no que reconece que “los estudiantes serán asistidos y orientados, individualmente, en el proceso de aprendizaje de cada materia o asignatura de su plan de estudios mediante tutorías desarrolladas a lo largo del curso académico” e no apartado 3, do mesmo precepto, insiste en que “las universidades, a través de sus centros y departamentos, garantizarán que los estudiantes puedan acceder a las tutorías, estableciendo los criterios y horarios correspondientes”.

Tendo en conta, asimismo, que o Real Decreto 898/1985, de 30 de abril, sobre réximen do profesorado universitario, reconece no artigo 9.4 A) que “las obligaciones docentes del Profesorado serán, semanalmente, las que a continuación se expresan: a) Para los Profesores con régimen de dedicación a tiempo completo, de ocho horas lectivas y seis horas de tutorías o asistencia al alumnado, que en el caso del personal sanitario podrán realizarse en hospitales concertados, salvo para los Profesores titulares de Escuela Universitaria, que será de doce horas lectivas y seis de tutorías o asistencia al alumnado. b) Para los Profesores con régimen de dedicación a tiempo parcial, entre un máximo de seis y un mínimo de tres horas lectivas, y un número igual de horas de tutoría y asistencia al alumnado, todo ello en función de las necesidades docentes e investigadoras de la Universidad”.

Pola súa banda, o Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, expresamente establece no artigo 43, i), como función da Xunta de Centro “a habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes”. Este mandato concrétase no artigo 65, g), do mesmo texto legal, segundo o que “o decano ou decana ou director ou directora do centro, asistido polo seu equipo de goberno, é responsable da dirección e xestión do centro e ten as seguintes funcións: (...) Ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de tutorías”. Isto complétase co

Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo que no artigo 2.2 establece que “a actividade docente do PDI consta de docencia presencial e non presencial, teórica e práctica, incluíndo a súa preparación, do material docente e das probas de avaliación, as titorías e outras actividades docentes”.

Co obxecto de garantir unha atención eficaz e de calidade ao alumnado que acuda a titorías e facilitar o labor do profesorado responsable das mesmas, e consonte a citada normativa, a Xunta de Facultade procede á aprobación da seguinte:

NORMATIVA DE TITORIAS DO CENTRO

Artigo 1.- Ó comezo de cada cuatrimestre, o Decanato solicitará ó profesorado que cumprimente e remita unha ficha de docencia e titorías.

Artigo 2.- Aprobado o horario de titorías en cada cuatrimestre á proposta do profesor/a, este deberá garantir o cumprimento do mesmo, atopándose nas horas indicadas á disposición do alumnado no correspondente despacho.

Artigo 3.- O horario de titorías de todo o profesorado que imparta docencia na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo publicarase na páxina web do centro e nos correspondentes taboleiros de anuncios. Asemade, cada profesor/a publicará o seu horario de titorías na porta do seu despacho.

Artigo 4.- De producirse algunha circunstancia excepcional que impida o cumprimento de titorías no horario predeterminado, o profesor/a responsable comunicará ó Decanato a circunstancia concorrente, así como a hora e a data de recuperación ou o profesor/a do departamento que o substitúa, si corresponde.

Artigo 5.- No suposto de licenza ou permiso aos efectos de docencia e/ou investigación, así como no suposto de permiso por motivos persoais ou por motivos de vacacións, segundo a normativa aplicable, o profesor/a que asume as obrigacións docentes do ausente, tamén o fará aos efectos do desenvolvemento das titorías e estará suxeito ao cumprimento desa normativa.

Artigo 6.- No caso de acumulación da actividade docente en determinados períodos do curso académico –posibilidade prevista no artigo 2.2 do Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo- e no suposto no que o docente goce dun permiso autorizado nos termos legalmente establecidos, poderase comunicar previamente a ausencia, un calendario de titorías que permita o cumprimento de todas as horas esixidas pola normativa e que poida ser obxecto de publicidade coa antelación suficiente para o

coñecemento dos estudantes, coa finalidade de liberar o profesor que o substitúa das obrigas de titorización. Asemade e tamén para o caso de ausencias debidamente autorizadas, sen prexuízo da substitución que legalmente corresponda, o profesor poderá ofrecer, alternativa ou de forma acumulada ó previsto no parágrafo anterior, a titorización a través de correo electrónico. A efectividade do calendario proposto así como a titorización a través do correo electrónico deberá ser valorada e aprobada pola Comisión de Docencia.

Artigo 7.- No caso de asignaturas a extinguir, os profesores designados como responsables das mesmas, deberán recollelas na ficha correspondente.

Artigo 8.- O horario de titorías debe establecerse ao menos nun cincuenta por cento, en quenda non coincidente coa ordinaria do curso correspondente.

Artigo 9.- En caso de incumprimento do plan de titorías, esta circunstancia poderase poñer en coñecemento do Decanato que garantizando o anonimato da persoa que presenta a queixa, daralle o trámite que corresponda. Ós efectos da emisión de informes de docencia, o Decanato comunicará a Xunta de Facultade os incumprimentos desta normativa.